
XIX festa do Viño
Tinta Femia
de Cela
TINTA
FEMIA
de
CELA
4, 5 e 6 de XULLO de 2025




ARQUIVO XERAL MUNICIPAL
CONCELLO DE BUEU
DATA 2025
UDE INSTALACIÓN 5648
NÚM. EXPEDIENTE 12/
CONCELLO DE BUEU
ARQUIVO

O ano 2024 NON houbo festa do Tintafemia

# SAÚDA XUNTA DIRECTIVA

Como presidente, e en nome da Directiva da Asociación de Viticultores San Martín de Bueu compráceme invitarvos a este evento gastronómico e cultural, tan importante para a nosa parroquia e o noso concello como é a XIX Festa do Viño Tinta Femia de Cela!

Con forzas renovadas e moito entusiasmo esta directiva ponse á fronte deste evento co fin de apostar e dar valor á tradición e ao esforzo das veciñas e veciños de Cela que ano tras ano comprométense co coidado das vides.

Nesta edición contamos con nada menos que 10 colleiteiros. Gracias pola vosa labor e por darnos a oportunidade de degustar o voso esforzo a través deste líquido púrpura; un feito moi importante tras un ano no que non se puido levar a cabo a festa.

Este ano, temos que agradecer, especialmente, ao Concello por non deixar que as nosas raíces se perdan e que esta festa sobreviva malia as dificultades.

Tamén agradecemos a todos os colaboradores e colaboradoras que participan na confección deste libro.

E por suposto, gracias ás socias e socios desta Asociación por darnos alento e animarnos a non tirar a toalla e persistir na labor de seguir adiante con esta festa; e aos membros desta directiva que loitan e dedican unha boa cantidade de horas a prol de que isto saía a diante. Pero se no lo permitides, este ano máis que nunca, gustaríanos agradecer o esforzo de aquelas e aqueles que fixeron posible que hoxe esteamos aquí: agradecer ás nosas avoas e avós, as nosas nais e pais por transmitirnos o amor polo noso, pola uva que nos da nome; aos impulsores desta Festa, que no seu día tiveron que loitar para que fora posible; aos membros anteriores da directiva que perseveraron para que a festa non morrera e continuaron dándolle valor.

E gracias a todas e todos vós por vir e apoiar á Festa do Viño Tinta Femia, sen vós, este esforzo non tería sentido.

Gracias por vir e degustar parte das nosas raíces.

Saúde e ledicia para todos e que o viño corra polas nosas veas!

Mercaroupa

Eduardo Vicenti, 1 - 15 BUEU
Méndez Núñez, 29 CANGAS
Eugenio Sequeiros, 3 CANGAS
Concepción Arenal, 54 MOAÑA

CERTIFICADO 100% SIN GLUTEN

Pastelería Nel Freire

NEL FREIRE.
986 32 26 08 - 680 317 782
OBRADOR TRADICIONAL: RÚA DO SANTAN 9
OBRADOR SIN GLUTEN: C/ JOSÉ Mª ESTÉVEZ 7
(A 50 M DEL OBRADOR TRADICIONAL)
BUEU

AgroManolo
•Piensos
•Cereales
•Semillas
•Animales
•Fitosanitarios
•Etc...
698 142 490
Alfonso R. Castelao, 44 - Telf.: 986 32 31 59
36930 BUEU
romanolo@hotmail.com



# SAÚDA DO ALCALDE

Nos tempos que habitamos é cada vez máis importante COMPARTIR tempo coa familia, coas amizades, coas persoas que nos son próximas. E neste sentido, as festas populares son eses espazo de encontro, de comunidade, ideais coma ningún outro para vivir en harmonía cos demais mentres gozamos da música, da natureza e dos nosos produtos. En definitiva, de CELEBRAR.

Este mes xullo celébrase en Cela de novo a Festa do Viño Tinta Femia, un evento que reivindica a esencia do que somos, pois nela dáse esa simbiose máxica entre o mar e o agro, da que tanto sabemos en Bueu e que tanto nos identifica. A través deste viño con xénese propia defendemos unha forma única de ver e sentir o mundo e por iso, conscientes de que o noso debe ser un ben a preservar, quero agradecer un ano máis, á Asociación de Viticultores San Martiño de Bueu por recuperar este produto que nos fai singulares, que transmite a querenza polos costumes propios, polo que sempre foi e será noso, dos bueueses e bueuesas. E é que neste mundo tan veloz e imparable, temos que apostar firmemente pola cultura e a tradición, polo Bueu que sentimos a través das nosas orixes. Por iso, pero sobre todo por seren capaces de manter viva esta festa despois de tempos tan complexos, traslado o meu máis sincero recoñecemento ao labor de todas e cada unha das persoas que compoñen a Asociación, aos colleiteiros e colleiteiras que fan posible que Bueu poida seguir contando, legando e testemuñando a historia propia a través do viño "Tiña Femia", ese líquido que corre polas nosas veas, e que tanto se recoñece tamén alén das nosas fronteiras.

Por último, animo a toda a veciñanza e persoas visitantes a que se acheguen á parroquia de Cela para gozar da perfecta combinación entre mar e agro que se propón nesta festa que constitúe un dos nosos innegables referentes. A TECER xuntos e xuntas esta comunidade.



Félix Juncal Novas
Alcalde do Concello de Bueu

MADERAS
FREIRE S.L.
MADERAS EN GENERAL

Balado, s/n
36930 - BUEU
Pontevedra

Tlf.: 986 320 066
Ptlar. 986 320 370
Móvil 659 649 036

PANADERIA
Freire

Tlf.: 986 322 608
CELA - AVDA. DE AGRELO, 49
BUEU
(PONTEVEDRA)

PlayPlan
Xestión Cultural

+34 605 022 449
jordi@playplan.es
www.playplan.es



# DIRECTIVA 2025

## PRESIDENTE
Francisco Entenza Cerqueiro

## VICEPRESIDENTA
Yolanda Entenza Rúa

## SECRETARIO
Francisco Parada Cerqueiro

## TESOUREIRO
Manuel Riobó Soage

## VOGAIS
Carmen Cerqueiro Pazos
Consuelo Otero Castro
Jose Fazanes Loira
Adolfo Buceta Vidal



Pescados
Sabela
Plaza de Abastos - Bancada 18
36930 BUEU - Pontevedra
Tlf.: 610 737 972 - 607 583 914

O farol
1983
Avda. Montero Ríos. 207 - BUEU
Telf.: 986 321 921 facebook.com/ofarol

Poufer
Saneamientos
SP
Saneamientos POUFER, S.L.
Pol. de Castiñeiras, Parcela 27- A
C.P.: 36930 - BUEU (Pontevedra)
saneamientospoufer@gmail.com
986 32 34 37 // 667 57 59 34



# COMITÉS

CONCELLO DE BUEU
CONCILII ANIMA
ARQUIVO

## COMITÉ ECONÓMICO
Concello de Bueu
Manuel Riobó Soage

## COMITÉ GASTRONÓMICO
Consuelo Otero Castro
Carmen Cerqueiro Pazos

## COMITÉ ORGANIZADOR
Concello de Bueu
Francisco Entenza Cerqueiro

## COMITÉ LOXÍSTICO
Concello de Bueu
Yolanda Entenza Rúa

## COMITÉ INFRAESTRUCTURAS
Concello de Bueu
José Fazanes Loira

## COMITÉ DE SEGURIDADE
Concello de Bueu
Francisco Entenza Cerqueiro
Francisco Parada Cerqueiro
Adolfo Buceta Vidal

# COLLEITEIRAS/OS

Agustín Loira Moldes

Álvaro Estévez Lobeira

Benito Costas Freire

Benitos Fazanes Cobas

Carmen Cerqueiro Pazos

Fernando García Cendón

José Fazanes Loira

Josefina Fazanes Cerviño

Laura Freire Núñez

Manuel Freire Carballo






CARBALLO
FERRETERÍA

Pazos Fontenla, 39
36930 Bueu - Pontevedra

986 320 624

ferreteriacarballo@mundo-r.com

Padín
JOYEROS 1963

Pazos Fontenla, 23 - 36930 Bueu - Pontevedra
Teléfono y WhatsApp 986 320 757

Síguenos padinjoyeros

Adriana Costas

·FISIOTERAPIA
·EJERCICIO TERAPÉUTICO
·PSICOLOGÍA SANITARIA
·PODOLOGÍA
·DIETÉTICA Y NUTRICIÓN
·LOGOPEDIA
·MEDICINA GENERAL
·CENTRO PSICOTÉCNICO

Santán 7 Bajo
36930 Bueu (Pontevedra)
638 726 430 I 986 322 755
info@adrianacostas.es

Nº Psicotécnico PO-107
Reg. Sanitario C-36-002685

insadent
centro odontolóxico

Rafael Castro Alonso
Especialista en ortodoncia
Col. 1031

Avda. Montero Ríos, nº 7 - baixo · 36930 Bueu · PONTEVEDRA
Telf./Fax: 986 32 12 88

Iria Rivero Méndez

PODÓLOGA
COLEGIADA Nº 1219
REG. SANITARIO Nº C-36-002966

Centro de Podo logía Axis Therapy
Rúa José María Estévez, 6
36930 Bueu - Pontevedra
722 50 69 45





DECORACIONES
NACHO S.L.

Lg. Caños de Moledo , 27
36912 - ARDAN
MARÍN - Pontevedra

Panadería Olga

DESPACHOS EN:
Mercado de Bueu, Puesto nº 9-10
Mercado de Cangas, Puesto nº1
Mercado de Marín, Puesto nº 28
Valado, 14 BUEU (Pontevedra)

661 418 549
607 331 210
986 890 665
986 320 034
607 411 449

TALLERES
RAMAL DOS GALOS

Pol. Industrial de Castiñeiras Parcela 31
Tlf.: 986 321 792 Fax: 986 324 560
36930 - BUEU - Pontevedra

www.ramaldosgalos.es e-mail: talleres@ramaldosgalos.es












**CEVYP** *informática*

COMPUTER STORE

Pcs - PORTÁTILES - TABLETS - TELÉFONOS

Rúa Ramal dos Galos nº 3 bajo - BUEU

986 32 30 94

info@cevip-inei.com

www.cevyp.com

**MOTOJARD**

**VENTA Y REPARACIÓN DE MOTOS**
**Y MAQUINARÍA AGRÍCOLA**

**TALLER: 986 322 826**

**Francisco Escaneo, 13 - 36930 BUEU - Pontevedra**

**MIRANDA**
LIBRERíA

*en BUEU, onde ía ser?*

www.libreriamiranda.gal

Asesoría BUEU

MONTERO RIOS, 31 - bajo
Tel. 986 32 30 46 - Fax 986 32 40 26
BUEU
Pontevedra
cerviorer@hotmail.com

Café Bar
Meco



Eduardo Vincenti, 4
Telf. 32 28 97
Bueu

Óptica
Bueu
desde 1984

Pazos Fontenla 51 - 36930 Bueu
Tlf.: 986 322 067 - Móvil: 607 051 187
www.opticabueu.com - contacto@opticabueu.com



# JUAN VEIGA ALFONSO
## PREGONEIRO

Juan Veiga Alfonso naceu en Moaña no 1952, cursou estudos no colexio Labor de Vigo e logo en Santiago onde acadou o seu título como ATS (Axudante Técnico Sanitario).

Cando era estudante en Santiago, desprazouse á Coruña para formarse como operador cinematográfico, xa que os seus pais rexentaban un cine en Moaña e precisaban desa titulación para abrilo. Posteriormente fixo o curso de ATS calista en Madrid. Ao remate do servizo militar, traballou no Sanatorio Marescot de Pontevedra como ATS e instrumentista de quirófano, e posteriormente fixo as oposicións en Madrid para tomar posesión da praza de APD en Bueu, posto que non abandonaría nunca a pesar das moitas ofertas recibidas ao longo do tempo. O pobo de Bueu era a súa xente e, dende o primeiro momento sentiuse moi vinculado aos veciños e veciñas que o agasallaron cun gran cariño que el sempre tentou devolver.

Como el mesmo recoñece, *"nunca pensei de pequeno que a miña profesión sería esta e, co tempo decateime de que dentro de min era a que me correspondía para axudar aos meus pacientes, que tanto mo agradeceron e que me fixeron sentir sempre feliz, pleno e realizado."*



Empezou a traballar en Bueu no 1973 con 21 anos e, ata a súa xubilación no 2017, sempre se sentiu agradecido a este pobo, que tanto quere e que é coma a súa segunda familia, por *"todo o cariño que me dron, facéndome sentir coma se fose un máis deles e delas"*.

Como agradecemento por todo o seu compromiso, o Concello de Bueu nomeouno Fillo Adoptivo da Vila de Bueu no 2017 e tamén se lle puxo o seu nome á rúa próxima ao Centro de Saúde.

# JOSÉ MARÍA BARREIRO

José María (Forcarei 1940) actualmente reside en Santa María de Cela, hermosa villa marina del ayuntamiento de Bueu en la provincia de Pontevedra; se inicia en el mundo del arte en los últimos de la década de los cincuenta con unos primeros premios de pintura juvenil y un seminario con los premios de España en la casa de campo de Madrid, fue el gran estímulo para sus comienzos en el mundo artístico. De esta forma formación autodidacta y con grandes dotes para dibujar, lleva a cabo su primera exposición individual en el Ateneo de Santa Cecilia de Marín, invitado por el pintor Manuel Torres, con el que entabla una fructífera y sincera amistad.

En 1963 se traslada a París donde permanecerá todo un año, conoce y estudia las obras de los impresionistas, Picasso, Duy y Matisse; visita los museos y vive la bohemia intensamente pintando en directo el ambiente colorista de la calle.

De regreso a Vigo se integra nuevamente en el ambiente intelectual de la ciudad; estabIa amistad con el pintor Urbano Lugris con el que comparte estudios y casa durante cuatro años juntos llevan a cabo una serie de proyectos murales y Lugris escribe algunos artículos sobre la obra de Barreiro al que admira profundamente.

Presenta su obra en Madrid en el año 1968, en la Gañería Toisón. Los críticos Carlos, Aren Castro Arines y García Viñolas destacan en los diarios madrileños algunas características más notables de su pintura.

En el año 1969, se traslada a Buenos Aires invitando por el que fue su gran amigo y colega el pintor Laxeiro hasta que se traslada al barrio de la Boca, una vez instalado Barreiro se va integrando en la intensa vida cultural de la capital porteña: amistad con el pintor Luis Seoane, Rómulo Macció, Castagnino, López Claro, Betinelli, etc...



Realiza una serie de obras que dan lugar a diversas exposiciones entre las que cabe destacar la de MEBA, la Galería Perla Marino en Buenos Aires y en la Galería de Mar del Plata de esta ciudad veraniega.

Lo que en principios era una estancia corta se convierte en una periodo de cuatro años en el Barreiro activará su producción pictórica trabajando a la vez en proyectos decorativos y ambientales en el departamento artístico de los Almacenes Harrods, al tiempo que viaja a Chile, Brasil y Uruguay.

A partir de 1974 su actividad profesional va en aumento, en el año 1989 Barreiro expone en la sala de arte Durán de Madrid y cada año expondrá en esta conocida sala madrileña con notable éxito...

En el año 1991 lleva por primera vez su obra a EEUU, presentando su pintura en ART CHICAGO. El año 1992 participa en ART.MIAMI durante cinco años. En 1997 muentra su obra en la Feria Internacional de Gante.

Con más de trescientas exposiciones individuales en España, Portugal, etc. Barreiro con un lenguaje plástico perfectamente consolidado y personal en el que cabe destacar la fuerte personalidad en el dibujo y la gran libertad en el empleo del color así como la acusada sencillez y cercanía en el tratamiento de la temática elegida, el pintor va recorriendo un camino personal siempre vinculado a las propias convenciones.

Dedicado a dar el paso a una obra que exprese la capacidad y rotundidad plástica de la pintura en sí misma.

Barreiro ha consolidado, en estas tres décadas, un lenguaje identicable y personal. De las diversas exposiciones y actividades llevadas a cabo destaca la proyección de su obra fuera de su propio país, junto al reconocimiento y respeto cada vez mayor de su figura.




www.jmbarreiro.com
pintor@jmbarreiro.com
Tlf.: 986 32 31 89 - Móvil: 639 65 51 64





**EXCAVACIONES ESTEBAN NOVO**

MINI RECTRO Y EXCAVADORA MIXTA

**Telf.: 600 242 436**





Atmósfera Sport

Av. de Bueu, 9, 36940 Cangas, Pontevedra

MAXIMINO MIÑIÑO

Distri. Oficial: verallia

**DISTRIBUCIÓN DE BOTELLAS**

**Maximino Miniño Fariña**

Coirón 93 - DENA - MEAÑO Telf. **615 200 014**

mininho08@hotmail.com

J. M. Comedeiro
Muebles e Interiorismo

Ramal dos Galos, 7
Tlf./Fax: 986 32 29 06

36930 BUEU
Pontevedra)

A'BICHA
MAESTROS PANADEROS
• 1854 •

TLF: 986 320 410
panaderia.a.bicha@gmail.com

Banda do Río, 57
36930 BUEU - Pontevedra

REPSOL
FRESOGAS, S.L.

ESTACIÓN DE SERVICIO
ÁREA DE LAVADO

SEIXO



Allianz

Mª del Pilar Santaclara Garrido

Pazos Fontenla, 25 - bajo
36930 BUEU (Pontevedra)
Tlf.: 986 320 026
Fax: 986 323 237
Móvil: 652 295 762

Agencia de seguros
exclusica de Allianz
C010952490399Y

E-mail: luis.santaclara@allianzmed.es



BAR FARIÑA

Tapas e Viños

Bon de Arriba, 40
BELUSO - BUEU

Tlf.: 986 32 40 83



# JOSÉ LÓPEZ MOLDES
# PREGONEIRO 2023



Benqueridos amigos e veciños desta famosa parroquia de Santa María de Cela,tamén todolos que hoxe nos acomàñan para exaltar o mellor viño do mundo o tinta femia.

Quixera dar as grazas especialmente a asociación de viticultores, co seu presidente a cabeza, que me propuxeran para estar aquí pronunciando este pregón nesta terra, que me acolleu con tanto agarimo e neste fermoso balcón ó atlántico dende o cal podo comtemplar a terra que me veu nacer. Un lugar onde o seu preciado viño e a súa xente comparten calificativos. Podemos decir que teñen a frescura que ven do mar e a calidez que da a terra, así cantaban fai uns días "os vou non vou" no pazo de Trasalba, cando o noso querido veciño, Luis Davila, autor do cartel desta festa recollía un novo premio.

Dicen que o mellor viño é aquel que se comprte. Eu quixera neste día brindar con tódolos que durante estos seis anos compartimos e compartiremos tantos momentos e viños dende o ceo.

Cando cheguei a este pobo, fai xa case seis anos, una persoa me dixo: "rapaz terás moitos problemas porque os curas neste pobo non pasan da Fonte do cura". Tiñan razón, pero na miña forma de ser, non está encerrarme na casa, nen na igrexa, senon saír o encontró da xente, como se soe decir nadie che trae nada a casa.

Durante estos anos compartín con vós momentos de ledicia pero tamén tristes, esa é a miña labor, estar con vós nas boas e nas malas, con acertos e con erros, pero, dende a miña condición de párroco, ser un máis con vós.

Pero hoxe non vimos a falar do meu libro, como decía alguen, vimos a falar do Tinta Femia, un viño

que si é auténtico é o mellor que hai. É como cando falamos da nosa xente, da nosa familia, cos meus ata o final.



Hai moitas festas para exaltar os mellores caldos, pero sen dúbida a mellor é a do Tinta Femia de Cela.

Este ano cambiouse a hora do pregón para que tamén poidan asistir as mulleres que teñen tanto que decir no noso mundo, na nosa sociedade e en tódolos ámbitos da vida, elas querían estar presentes e o mediodía no é, a veces, o mellor momentos. O noso viño leva o nome de muller, Tinta Femia, hoxe recoñecemoslles a todas elas, especialmente as nais todo o que fan por nós. Grazas a elas estamos hoxe nós aquí. Mulleres loitadoras, que nunca se rinden. que sempre sacan o mellor delas, e sobre todo das que tanto temos que aprender.

O falar do Tinta Femia non podemos olvidar a tódalas persoas do campo especialmente os colleiteiros e colleiteiras, o tempo adicado a coidar esas cepas todo o ano para poder elaborar estoas preciados viños, como decía aquel, "unha cousa e beber e outra dal sulfato". O ano pasado, a pregoeira recordaba a sua infancia, recordaba os momentos vividos na vendimia donde tódolos veciños traballaban en equipo.

Cando se bota de menos esas labouras compartidas doutros tempos, onde as aldeas eran unha piña ata que se remataban o traballo de todos.

Se buscasemos a difinición de viño dinos: Bebida alcohólica que se fai do fume das uvas exprimido e fermentado naturalmente, outros dirá bebida alcohólica que tamen se fai de uva.

Podríamos facer un repaso da historia do viño que nace dun descoido, cando alguén deixa olvidadas nun cunco unhas uvas, e elas que son de rápido fermentar, dan paso a ese líquido tan preciado.

Se miramos a historia, na biblia é Noé o primeiro que fala de plantar unha viña despois do diluvio e incluso narra que se emborracha con aquel viño.

En Exipto, foi donde se encontraron as primeiras botellas etiquetadas e númeradas, mostra da importancia que lle daban a calidade do viño. Una calidade que ten o noso Tinta Femia, o que moitas bodegas quixeron copiar, pero que non o consiguen,

xa que so nesta terra encontramos as mellores condicións para ter ese mmelor viño, esas botellas que con delicadeza gardades nas vosas bodegas e poder compartir coa familia e os amigos cando a ocasión o require.

No mundo grego e romano están os deuses do viño, sempre venerados polos seus efectos embrigadores e afrodisíacos. Baco e Dioniso deuses do viño, son ós inventores do viño, é a divinidade que nos procura liberarnos das obligacións e deberes diarios, unha liberación considerada transotoria (un paréntesis no día a día). O viño, considerado un elemento necesario para axudar a alcanzar un estado que nos fixera olvidar as preocupacións.

Tiña un efecto terapéutico sobre el individuo que contribuía o mantemento do orden social.

Vivimos nun mundo secularizado, pero moito lle debemos o Camino de Santiago e os mosteiros que naceron nesa ruta. Aquí cerca temos Santiago de Ermelo, porque entre todo o que nos truxo ese camiño esperitual e cultural, veu o viño. Os monxes e as súas abadías foron as primeiras adegas, o que fai que España, Italia e Francia sexan grandes productoras hoxe en día, e trouxeron a Galicia, o Alvariño e as súas variantes entre as que se encontran o noso Tinta Femia.

Dicían un pesador... O viño é a única obra de arte que se pode beber... e é verdade... dende aquí o meu recoñecemento unha vez máis os colleiteiros que elaborades este viño que nestes días saboreamos, tamén a esas que o gardades nas vosas adegas, como un producto ben preciado. Potenciemos o noso, a nosa terra, a nosa cultura, o noso patrimonio material e inmaterial e tamén por suposto a nosa fe.

Como dicía aquel anuncio... vivamos como galegos, que un galego, nunca vive mal...

Xa para terminar... deixademe acabar cun estilo propio... inmortalizar este momento, cunha foto con todos vós...

VIVA CELA E O SEU TINTA FEMIA





Restaurante - Marisquería
Estrella

"Cocina de Mercado de Calid
Tlf.: 986 320 675
PUERTO PESQUERO
GPS: L:42º19"34N l:8º47"11

*Xoán Carballeira, 6 - BUEU (Pontevedra)*

Autoescuela
Brián

**Rúa José María Estévez Nº8 Bajo B**
**Zona As Lagoas**
**698 15 82 62**
**Bueu**

CITROËN
BUEU • Pontevedra
986 32 31 55

TALLERES DAVISAN
Su Servicio Oficial para el MORRAZO

VENTA DE VEHÍCULOS NUEVOS,
OCASIÓN Y VENTA DE RECAMBIOS



# PROGRAMA

## Venres 4 de xullo de 2025

19:00 Apertura da festa

21:00 Actuación do grupo tradicional:
**RETROUSO**

00:00 Peche de festa

*Durante os tres días cata popular entre o público asistinte á festa*

CONCELLO DE BUEU
CONCILII ANIMA
ARQUIVO

# "O Chouzo"

**Banda del Río, 59**
**BUEU - Pontevedra**
**Tlf.: 986 321 226**

*Especialidad en:*
*Cazuelas y Fritadas de Pescado*
*Arroz con Bogavante y*
*Marisco de la Ría*

Belavista
ÓPTICA E OPTOMETRÍA
886 139 157 | belavista@belavista.es
Pazos Fontenla | 42 | 36930 | Bueu
www.belavista.es

MarPau
librería, papelería, regalos...

Xoán Carballeira, 3 Bajo 6
36930 BUEU - Pontevedra

info@libreriamarpau.com
Tlf.: 886 122 757




# PROGRAMA

## Sábado 5 de xullo de 2025

| | |
|---|---|
| 11:00 | Apertura da festa |
| 12:30 | Recepción das autoridades locais |
| 13:00 | Lectura do pregón a cargo de Don Juan Veiga, antigo practicante da vila de Bueu. |
| 21:00 | Actuación do grupo de cantos de taberna: **OS SALJATEIROS** |
| 00:00 | Peche de festa |

*Durante os tres días cata popular entre o público asistinte á festa*

**MADERAS BUEU, S.L.**

Avda. de Marín, 35
36930 Bueu (Pontevedra)

Tienda: 986.321.243

Móvil Salvador: 600.591.304
Móvil Jose: 661.734.161

gestión.maderasbueu@gmail.com

GESTORÍA
SAFRE

Pazos Fontenla 70, bajo dcha.
36930 Bueu (Pontevedra)
T: 986 324 189
F: 986 322 189
M: 639 208 933
safre.bueu@gmail.com

S&S
clínica dental

Calle José María Estévez, bajo I
986 324 143 / 619 155 912
ssclinicadental@gmail.com

Odontología general
Odontología estética
Odontopediatría
Endodoncia
Ortodoncia
Cirugía oral
Implantología
Periodoncia
Prótesis



# PROGRAMA

## Domingo 6 de xullo de 2025

| | |
|---|---|
| 11:00 | Apertura da festa |
| 12:00 | Animación coa charanga: **OS JALÁCTICOS** |
| 12:30 | Cata cega dos viños participantes |
| 19:30 | Entrega de premios da cata cega e da cata popular |
| 20:00 | Entrega de diplomas aos cosecheiros |
| 20:30 | Sorteo da rifa. Primeiro e segundo premio |
| 21:00 | Peche de festa |

*Durante os tres días cata popular entre o público asistinte á festa*

GALICIA EXPRESS
X. G. 29
AGENCIA DE VIAJES
Rosalía de Castro, 1 - 36930 BUEU (Pontevedra)
Tfn.: 986 322 084 / 321 375 - Fax: 986 321 375
galiciaexpress2@grupoairmet.com

CONSTRUCCIONES
CELSO DOPAZO RODRÍGUEZ
Pazos Fontenla, 102 - 36930 Bueu (PO) Tlf: 610.436.220 - 661.031.358
construccionescelsodopazo@hotmail.com

MOTRiO
tu taller con garantía y compromiso

TALLERES CANCELIÑA
CENTRO MULTIMARCA AUTOMÓVIL
Avda. Marín, 4 36930 Bueu
986 32 16 03
tcancelia@yahoo.es



# FASE DA PODA









# FASE DO SULFATO







# FASE DA VENDIMIA




















XIV FESTA do VIÑO
TINTAFEMIA



# FASE DA ELABORACIÓN











CONCELLO DE BUEU
ARQUIVO

# FASE DA CATA E O EMBOTELLADO
















# FASE DA ELABORACIÓN DO ORUJO







Melson Sport



Dileo
Fontanería

Diego Leal Otero
Instalador autorizado

C | Pazos fontenla 67, 2º
36930 | Bueu, Pontevedra

Teléfono: 986 320 651
Móvil: 645 888 906

dileofontaneria@hotmail.com
Fontanería | Calefacción | Energía solar



PANADERÍA - PASTELERÍA
LEAL

Montero Ríos, 137 Bajo
BUEU (Pontevedra)

Telfs.: 986 117 606
657 256 109

NENE'S
Moda Infantil

622 206 362
C/ Xoan Carballeira, 16 Bajo
36930 BUEU - Pontevedra
nenesmodainfantil.com

SÍGUENOS

Asesoría
ELDISER

EDUARDO VINCENTI, 38 LOCAL 3 - BUEU - Pontevedra
Tlf.: 986 324 029 - Móvil: 671 678 577
heldisersl@heldiser.com

ALOXAMENTO
O PIRATA
BAR - RESTAURANTE

Isla de Ons (Bueu)
Teléfono reservas: 606 447 268

ALINOX

info@alinoxmorrazo.es

Pol. Ind. de Castiñeiras, Nave 17
info@alinoxmorrazo.es

BUEU
986 32 18 71

CERQUEIRO
AUTOBUSES

BUEU
Parque Empresarial Castiñeiras s/n
A Portela
36939 Bueu. Pontevedra
T. 986 320 254    F. 986 322 892

CANGAS
Estación de Autobuses
T. 662 644 687
www.autobusescerqueiro.com



CELA AUTO

TALLER DE REPARACIÓN
MECÁNICA - CHAPA Y PINTURA
VENTA DE VEHÍCULOS

Lg. Castrelo,1 CELA
36938 BUEU
Pontevedra

Tlf.: 986 322 790
Móvil: 619 986 961
celaauto@gmail.com

nabia
NAVIERA

VEN A CÍES, VEN A ONS
986 320 048
www.piratasdenabia.com

Restaurante
PESCADOR

986 324 269

Plaza Masso, s/n Bloque 15 Local 9-12
36930 BUEU - Pontevedra




MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN
Leal, S.L.
Tlf.: 986 320 763
Torre, 6 Cela - BUEU - Pontevedra
materiales.rafael.leal@gmail.com


AS LAGOAS
Lavandería Autoservicio
Tlf. 698 136 710
LAVADO+ SECADO DESDE 5,40€
hasta 15kg. de capacidad en cada lavado.
365 días al año
NUEVAS MÁQUINAS
Lavadoras-Secadoras de 8 y 15Kg. de capacidad, todo el proceso en una sola máquina
SERVICIO DE TAQUILLAS
Deja tu colada y en menos de 24 hrs. Podrás recojerla limpia, seca y doblada SIN COSTE ADICIONAL. (Consulta condiciones en el telf.. 698 136 710)
TARJETAS CLIENTE RECARCABLES
con descuentos en todos nuestros servicios.
Visítanos, estamos al lado de la Cafetería Chilau en C/ José Mª Estevez, local 6b Bueu.


tecnosolar
INSTALACIONES SOLARES
ENERGÍAS RENOVABLES
PROYECTOS DE INGENIERÍA
CLIMATIZACIÓN
FONTANERÍA
Dr. Otero Ulloa, 34 | Bajo 36913 | SEIXO-MARÍN | Pontevedra
T. y F.: 986 704 215 | www.tecnosolar.es 666 452 808


KAPA
ESPRESSO BAR


hombre
mujer
CH F
ESTILISTAS
C/Ibis - Urbanización Masso
605 735 066
Cita preferente por WhatsAPP
986 323 407


construcións
antón
pousada, 9 | 36938 | cela | bueu | pontevedra
tel. 986 323 513 | m. 615 396 021
construcions.anton@hotmail.com
CONCELLO DE BUEU
ARQUIVO

Jardín
CAFETERÍA
Bueu
Est. 1995
Rúa de Montero Ríos, 131, Bueu, Pontevedra
* 986 32 36 90*

Luis Soliño
CARNICERÍA
TERNERA GALLEGA    CERDO IBÉRICO ECOLÓGICO
Teléfono: 986 324 008
PLAZA DE ABASTOS PUESTO 6 BUEU

COCINAS
IMAN
Eduardo Vicenti, 50
Tel. 32 08 51    BUEU



Contigo
centro de día terapéutico
Centro de día - Ayuda a domicilio
Servicio de fin de semana
MOAÑA 986 315 059
CANGAS 886 134 376
BUEU 986 324 183
www.centrodediacontigo.es

DISTRIBUIDOR DE PIENSOS
bograo PIENSOS
AGRO A LAXE
AGRO ARDÁN
• Piensos
• Cereais
• Productos para o Campo
• Plantas
• Alimentos e accesorios para mascotas
• Aves
República Argentina, 36
36900 Marín (Pontevedra)
C/ Casás, 24 B - Ardán
36912 Marín (Pontevedra)
SERVICIO A DOMICILIO
986 884 418  986 703 112

BAR
ALAMEDA
· BUEU ·
Rúa Eduardo Vincenti, 14 bajo
BUEU, PONTEVEDRA

Transportes LOIRA

Transloira

TiEN 21 Bueu

ElectroLumar Bueu

986 519 358 - 648 751 829

posadaD

braser[í]a lapamán

desde 2016

623.73.22.01



# ANTONIO PORTELA
## SUMILLIER

Tinta Femia, parroquia de Cela, ensenada de Bueu, norte, salitre, solpor nas Ons... A máxima expresión dun territorio, dun lar (lieu dit no francés dos terroir) alcánzase cando unha caste noble como é o caiño tinto (caiño redondo) do mesmo tronco varietal ancestral que a aristocrática albariño, adáptase de tal maneira que, mantendo a súa linaxe (adn) varietal orixinal, transfórmase nun outro cultivar intransferible a outros territorios, único e propio dese terroir. Isto é o que aconteceu coa Tinta Femia no seu terroir: o anfiteatro no que se asenta a parroquia de Cela abrazando a ensenada de Bueu, a orientación cara o norte, a caricia do solpor que se vai na contorna das Ons, o granítico...

A península do Morrazo posúe numerosos e pequenos enclaves con identidade singular, pero por enriba de todos eles a tinta femia en Cela ñe o "primus interpares" o verdadeiro estandarte da viticultura do Morrazo. Todos somos Morrazo, sen marcas privativas de ninguén. Sobrevoando calquer organigrama, xurisdicción, delimitación política ou escaparate circunstancial que se implante. Por iso estamos tranquilos mentres haxa viticultores mareiros que manteñan as cepas que amamos ninguén será quen de agochar esta realidade.

**Viva a tinta femia ceibe!**









Artes Gráficas
Baroga

IMPRENTA - SERIGRAFÍA - TAMPOGRAFÍA - ROTULACIÓN - CHAPAS - SUBLIMACIÓN




- CAMISETAS - SUDADERAS - CHALECOS
- GORRAS - GORROS
- COJINES - PUZZLES - FOTOS - AZULEJOS
- TAZAS - TERMOS - BOTELLAS
- TARJETAS - ALBARANES - SOBRES
- SELLOS CAUCHO
- CARTELES - LIBRILLOS - RIFAS
- FOLIOS BARCO - ADHESIVOS
- CARTELES PVC



Tlf.: 986 322 399

Avda. de Marín, 12 Bajo - BUEU - Pontevedra












# A CASA DOS AGUSTÍN GARCÍA
## EMBAIXADA DO VIÑO TINTAFEMIA DE CELA

Aínda non chegado a mediados do século XIX, polo 1836 no lugar do Burgo da parroquia de Cela na casa de Tomás García García e María Josefa Freire Gestido tiña lugar esta escea: na eira o fillo destes, Agustín García Freire, un home xa feito e dereito está a despedirse dos da casa porque emigra para América máis concretamente a Cuba. Con eles están tamén a serventa da casa e una nena filla desta chamada Benita Parada Peña que non chega ós dez anos. Agustín colléndoa en brazos séntaa na mó do horno e dille en voz alta: (ti agarda) coidádema ! cando veña de volta casarei con ela (1). Circunstancia que ocorrerá trinta e tantos anos despois... En 1870 Agustín cuns cincuenta e dous anos está de volta en Cela, pero non vive cos seus pais, vive só, porque sen saberen aínda o alcance da súa fortuna, (varios carros do país co ouro e pertenzas do indiano virán de Moaña procedente de Vigo) co que viron ó chegar pensaron que as súas vidas ó mellor correrían perigo, vai ti saber a procedencia de dito capital e se virían detrás del para recuperalo, así que os pais déronlle unha finca de millo e solar no mesmo lugar do Burgo en Cela onde construíu e fundou a tal Casa dos Agustín García (2) iniciando así unha saga familiar que durará un século de existencia. Tres casas máis abaixo, Benita Parada Peña vive solteira co seu pai viúvo, Juan Parada González un mariñeiro de 54 anos. Ela anda polos trinta e catro...





Pouco despois casarán como el lle dixera e sobre 1871 nacerá o primoxénito José, logo Tomás, despois Agustín e Josefa García Parada. Como os seus ancestros son inicialmente labradores, só que agora con moita facenda ou como se dicía entón propietarios. Agustín, o Indiano preséntase á Exposición rexional de Galicia que se celebra en Pontevedra en agosto de 1880 na que consigue unha distinción polo viño Tintafemia de Cela, obtendo un diploma acreditativo. Entre a fustalla da súa bodega fóndanse fustes nos que caben varios homes de pé dentro tanto para ferver como para gardar o viño seguindo así a tradición familiar.







Na Casa quedará Agustín García Parada (1874-1943) quen se distinguirá moi cedo en distintas ordes da vida: labrador viticultor por herdanza, feirante, propietario no Bueu nacente e incluso político, pois foi concelleiro e alcalde. Tivo as súas incursións no Bueu urbano da man do seu pai e co seu irmán José nalgunha salga, baixo de encascar redes que alugaba, pero non saíu moi ben parado ó non ter experiencia mariñeira. Casa con Rosario Santaclara Loveira e terá seis fillos: Agustín, Rosario, Adelaida, Carmen, Mercedes e Luis. Como viticultor sobresaíu notablemente pola calidade e cantidade do seu Tintafemia. A súa bodega era punto interrexional de visitantes tan ilustres como Álvaro Cunqueiro, Ramón Otero Pedrayo e adláteres do seu tempo moi posiblemente atraídos polo daquela afamado veciño do Morrazo, José María Castroviejo, escritor referente en guías de viaxes, naturalista e artes costumistas e culinarias e mellor bebedor.

CONCELLO DE BUEU ARQUIVO





*Tomás García Parada*



*Agustín García Parada*

Dise del (de Agustín) que da súa bodega todos saían "calcados" cando non a catro patas, para el era a proba verdadeira dos seus viños. Contan que nunha ocasión un individuo que saíu da súa casa chegou a casa cun cun pé calzado e outro descalzo. No tocante á súa produción sen dúbida era o maior colleiteiro de viño de Bueu con diferencia. Así segundo o aforo que consta do ano 1940 polo arbitrio de viños e alcois do municipio de Bueu, Agustín "declaraba" pola súa casa 5.616 litros por el e 5.364 litros polo seu irmán Tomás (3). Pagaban cada ano, el 112, 32 pesetas e 107,28 pesetas o seu irmán, respectivamente. En total 10.980 litros e 220,80 pesetas polo viño e 98 litros de alcol augardente ou caña como aquí se chama anualmente que reportaban ó fisco municipal outras 19,60 ptas. da época. (4)

Eran famosas as súas esmorgas na bodega que podía durar días e que tamén incluían xantares cos curas que se xuntaban no día do "Acto General" e non cabían na rectoral, pero nunca permitía a ningunha das súas tres fillas que serviran a mesa, elas na cociña porque na sobremesa sempre acontecían comentarios e circunstancias que lles oía ós comensais onde " dise o pecado pero non o pecador " e a bo entendedor sobran palabras.



*"... Agustín García, gran paisano y natural rey de la lujuria de pámpanos y robledas ...Mnémico y mímico, litúrgico en el servicio a Baco en los solpores, después generosamente prolongados, que lanzan, entre la deliciosa ledicia del paisaje, su luz, quebrada en amatistas y crisoberilos, sobre la panza abacial de los pipotes, en la bodega anterga. Agustín de Cela traspone su noble sangre campesina, ligada por mil generaciones a la tierra, en las más exquisitas formas de natural cortesía ..." (5)*

A el e ó seu entorno atribúeselle a creación da Festa dos Mozos de Cela a finais do século XIX (aspecto este pendente de estudio e verificación, pois hai quen lla atribúe ó seu irmán José García Parada como primeiro presidente, en realidade, idea herdada concebida do pai de ambos para exaltar o viño Tintafemia a través dunha celebración festa agrícola) que tivo como novidosos acertos fomentar a irmandade entre parroquias veciñas e a exaltación do viño Tintafemia nun acto coñecido como "das Vivas" no palco da música onde inmediatamente posterior se procedía ó reparto en baldes deste viño entre todos os asistentes polos maiordomos da festa co lazo no peito polo Eirado de Cela e que gracias ás sobras de cartos para "o bote" púidese ir mercando e ampliando o terreo e mailo equipamento do recinto veciñal de festas parroquiais que chegou ata nós na actualidade. Foi épico o episodio no que participou en defensa da propiedade veciñal sobre o Eirado de Cela, acontecido sendo cura párroco de Cela don Robustiano



Sandes Otero (outubro de 1901 a xuño de 1910) cando quixo pasar coa procesión do Corpus Christi baixo palio polo recinto veciñal alterando así o trazado de costume á volta do cruceiro do Igrexario como xeito de toma de posesión da Igrexa sobre a propiedade da parcela das festas patronais da parroquia: unha comitiva de homes agardou á procesión no caleixón de acceso e impediu o seu paso entre eles, José Rosales Freire deulle unhas patadas no tornecelo ó cura cando este tentaba virar á dereita polo tal caleixón ó mirar o propósito que levaba, outros homes mesmo deitándose no chan como foi o caso de Ventura, o canteiro, así coñecido natural de Xeve e casado de segundas na Banda do Río cunha Maravilla, Agustín García Parada e varios máis foron os que escangallaron dita procesión, empezando polo que levaba o pendón e tirando co palio mailo cura ó chan con algúns dos santos que acabaron esnaquizados e os demais arriaron todo e fóronse retrocedendo por onde viñeran. (6). Dicíase que o cura tiña encargado un cruceiro de pedra para pór no medio do eirado como ocorre en Ardán unha vez pasase a procesión por el. En vista desta situación o intento quedou así frustrado e as futuras procesións do Corpus seguiron facéndose por onde sempre ata tempos recentes.

Nas festas patronais lucía fachendoso unha leontina de ouro herdada do seu pai que tiña dous brazos que colgaban do chaleco e do que penduraba un reloxo de peto tamén de ouro que tanto lío traería ós seus descendentes e que acabará repartido en anacos.

No aspecto político, foi concelleiro en varias corporacións, incluso como Tenente de Alcalde, ata que finalmente é nomeado Alcalde e así exerce no bienio (estipulado por lei) comprendido dende primeiro de xaneiro de 1910 ata 31 de decembro de 1911. Estará acompaña polos seus irmáns José e Tomás como tenentes de alcalde. José exercerá igualmente de Alcalde no período 1918-1920. Tomás disque optou a selo, pois foi Tenente de alcalde varias veces, pero adiántandose ó seu tempo propuña novidades coma desanchar os camiños e pontes para que puidesen transitar os carros en doble sentido, pasando un polo outro, circunstancia esta que non era aceptada e ben vista polos seus contemporáneos. Popularmente en Cela a Agustín García como Alcalde, atribúeselle o arranxo e mantemento dos camiños

veciñais así como a construción de pontes de pedra sobre os ríos que os atravesaban e que no inverno dificultaban o paso dos carros, tales como a ponte de Queimaño, do Pradorrío, dos Lagos, de Pousada, a Miranda ou Prado do Cura así como o prezo público da ordenanza fiscal de viños e alcoles que tanto afecta a Cela e a el mesmo (7). Aproveitando o cargo no ano 1911 xunto con outro concelleiro da parroquia, Daniel García Lis, acompañou a procesión do Corpus Christi de Cela e levouna ata Santiago de Hermelo (8).

Andando os anos vinte participa no asociacionismo agrario e gandeiro da época coa constitución da Sociedade El Porvenir de Cela que se funda en febreiro de 1922 da man do seu irmán José García, secretario da Comisión organizadora. Un ano despois, en 1923 constitúese o Sindicato agrícola de Cela, da man do mesmo José García. En marzo de 1932 constituirase a terceira das sociedades, a Sociedad Obrera de Oficios Varios de Cela e Agustín García Parada será Presidente do Porvenir en maio de 1932. (9)

No 13 de outubro de 1932 ten lugar en Bueu o coñecido como Domingo Galeguista consistente en varios actos de mitins no que participaron Alexandre Bóveda, Álvarez Gallego, Otero Pedrayo e Castelao en Meiro (Bueu), en Beluso no local da Sociedade El Progreso e en Cela un xantar e posterior conferencia no baixo do baile de Parapía que despois será tamén escola pública. Este xantar estivo presidido por Agustín García Parada, o seu irmán Tomás, Manuel Garrido, Manuel García Carballo e José Goméz de la Cueva (Carballeira) (10). O 12 de xaneiro de 1933 fórmase o Consello directivo do Partido Galeguista de Bueu quedando presidido por Agustín García Parada.

*"Ahora que la canícula pesa y se escucha el crepitar de los maizales en la fuerza tórrida, subid conmigo a Cela .... Ahora que la canícula pesa y revienta, lenta y sorda, como bomba de retardo, anunciando sobre el verdor del cómaro y los maíces en agosto que miran al mar de las Ons y de la Arosa, las nuncas desmentidas fiestas de la alegre y céltica mocedad de Cela ..." (11)*



O 28 de xullo de 1943 cando contaba con 69 anos, viúvo e coa súa filla solteira, Rosario García Santaclara co millo regado na primeira tanda de San Bieito a piques de cortarlle o pendón antes da ventulina do Sanamedio e co solpor da vida na Illa de Ons ó fronte, Agustín García Parada morre na súa casa do Burgo.

*"El vino que allí se bebe es el vino de la península del Morrazo, vino de Temeprán, vino de Cela. (Permitidme que recuerde a Agustín de Cela; ignoro si vive todavía; allí en su casa de Cela, cabe le níspero de la era, comimos José María Castroviejo, el habanero Juan Santos y yo una empnada de sardinas, rociada con vino fresco de la bodega de Agustín. Agustín tenía un habla antigua, un humor cordial, un punto de jarana que le bailaba en los ojos; era como su vino. Lo recuerdo siempre.) (12)*

Torre de Santa María de Cela, maio e nove de dous mil vintecatro

Belarmino Barreiro Rosales

*(1) Agustín García Freire (aprox. 1818-1897) será coñecido como o Indiano de Cuba en Cela. A súa historia está por escribir. Alí adicouse a obras públicas, maiormente do ferrocarril e cando decide voltar dá carta de liberdade a todos os seus obreiros, dous dos cales virán tras del a Bueu. Un deles aparece fotografiado co Beluso club de fútbol e outro deu lugar á familia coñecida en Cela como das Morenas. Conta cunha placa votiva nunha praza de La Habana Vieja, pero este é outro falar que un día será escrito. Hai quen suxire da existencia dun manuscrito autobiográfico sobre esta vida en particular e que estaría no substrato do libro titulado " La burla negra" de José María Castroviejo Blanco-Cicerón.*

*(2) Actual casa do ilustre pintor D. José María Barreiro Gómez, próxima á que foi taberna do Buraquiño*

*(3) A medida patrón en Cela era a "pipa" que equivalía a 468 litros (13 canados, 26 baldes)*

*(4) O padrón fiscal municipal sobre o arbitrio de viños e alcoles de Bueu do ano 1940 declárao como maior produtor do municipio, seguido de Carmen Rodríguez Amoedo (nai dos Irmáns Carmiña do Barral) con 5.688 litros ano, Manuel Pastoriza Loveira con 5.688 litros, Manuel Fazanes Loveira con 4.788 litros, José Fazanes Loira do Igrexario con 4.218 litros e Benito Estévez do Antepazo con 4.082 litros .. todos eles da parroquia de Cela. As outras tres parroquias, Bueu, Beluso e Hermelo non chegan a estes niveis de declaración.*

(5), (11) Pasaxe, Agustín de Cela, incluso en Los paisajes iluminados, de José María Castroviejo Blanco-Cicerón. Imprenta de Manuel Roel, de Vigo (Pontevedra) en 1945. Edición primeira

(6) Vid. Folleto do programa da Festa dos Mozos de Cela do ano 1988

(7) Ata tal punto que en 1934 sendo alcalde o veciño de Cela, natural de Bueu, Ramón Domínguez Ferradás, as parroquias de Bueu encabezadas por Cela uniranse contra o Concello contra a citada ordenanza fiscal pola suba aprobada no coñecido como o "Pleito do Viño", analisado nun artigo anterior desta mesma Festa do Viño Tintafemia do ano 2017, na súa edición XIV e que tivo tal repercusión que aínda hoxe os veciños se lembran da letra de entroido protagonizada naquel ano de 1933 escrita e dirixida por Xosé Diz Paz, tamén veciño de Cela na mítica comparsa "Los campesinos" con música de vals " De la justicia en esta Villa ..."

(8) Noticia recollida no xornal "El Eco de Galicia", da Coruña en 4 de xullo de 1911. Tamén serán concelleiros, os seus irmáns Tomás en diversas corporacións municipais e José García Parada. Este último ostentará o cargo de alcalde-presidente no bienio 1918-1920. Propietario de moito terreo urbano entre as rúas avenidas de Montero Ríos, Pazos Fontenla tanto no fronte como no interior deste cuarteirón coñecido como a feira mercado vello de gando, a casa de correos, foi comerciante. Durante o seu mandato tivo lugar a epidemia da coñecida como gripe española a partires do verán de 1918. Na parroquia de Cela, entre tantos cobrou as vidas do médico D. José García Santaclara, natural da Torre, fillo de Daniel García Lis sobriño do cura Lis (Manuel de Lis Meijón) e tamén xuíz de paz ós 28 anos de idade e da súa nai Emilia Santaclara Amoedo na súa adicación e atención ás familias dos labradores da freguesía. Consta mención especial de recoñecemento e pésame no libro de actas do Concello Pleno en sesión do 18 de novembro de 1918.

(9) Vésaxe artigo titulado A organización parroquial de Cela na segunda e terceira década do século XX incluso no folleto da Festa dos Mozos de Santa María de Cela do ano de 2002.

(10) Vid. artigo O Grupo galeguista de Bueu (1931-1936). Principais dirixentes, incluso en Homenaxe a Agustín García Parada, un galeguista de Cela. Recordo do mitin do Partido Galeguista en Cela (Casa do Baile) o domingo, 13 de outubro de 1932, de Xosé Novas Piñeiro e Manuel Antón Mosteiro García o domingo, 7 de abril de 2013 na sala de actos da Biblioteca pública municipal de Cela.

(11) Vid. (5)

(12) Artigo titulado El Casal de Acuña por Álvaro Cunqueiro. Incluso na Revista de Galicia Finisterre, núm. 27, Madrid abril de 1946. Ano IV












**Tintorería LOLY**



C/ Pazos Fontenla, 46
(Al lado de Correos)
Telf.: 986 323 282
BUEU

**LIRON**
STORE
Pazos Fontenla 14
36930 Bueu
Pontevedra
986 714 082 | 600 455 030
bueu@lironstore.com

**MAQUINARIA AGRÍCOLA**
**TOEDO**
REPARACIÓN - VENTA
toedomaquinaria@gmail.com
986 063 721 - 610 906 610



**FERRAXERIA CENTRA**
Castelao, 7 - 36930 BUEU - Pontevedra
Tlf./Fax: 986 32 27 85
centraferreteria@gmail.com

**MUEBLES DEL RIO**
TUS MUEBLES DE CONFIANZA
DESDE 1971

**BAREAS**
ASESORÍA
Avenida Montero Ríos nº 57 Bueu.
info@bareasasesores.com
986 32 44 76

topaccesorios.net

Leandro Entenza Calviño

Montero Ríos 113
Bajo B
36930 Bueu

986127996
info@topaccesorios.net

ROSALES
SANEAMIENTOS

VIGO
Av. García Barbón, 139
986 22 88 06
vigo@saneamientosrosales.es

MARÍN
Doctor Otero Ulloa, 1C
986 70 20 41
marin@saneamientosrosales.es

www.saneamientosrosales.es

multiópticas
Bueu

EST MARIÑOS 2016
OLD SCHOOL BARBER SHOP

Casa Quintela
desde 1921

C/ Eduardo Vicenti, 24
36930 BUEU, Pontevedra

Telf.: 986 320 010
Móvil: 618 346 735



Mercería
MV
Válery
Tel.: 607 840 457
C/ Ibis,6 Bueu

Cousas da casa
C/ Eduardo Vicenti, 3
36930 - Bueu (Pontevedra)
674 99 63 02

LA MARINA





Bar
O Lambedeiro do Viño
C/ Eduardo Vicenti nº 55, Bueu
Tlf.: 608 402 935


JUAN VILLAR PELUQUEROS
RAMAL DOS GALOS, 9 Tlf.: 986 324 374 BUEU
AV. DOCTOR ULLOA, Tlf.: 986 704 009 SEIXO

NOUTRORA
INFORMÁTICA
FIJO: 986 322 542
MÓVIL: 627 951 444
WWW.NOUTRORA.COM
ADAPTÁMO-LA INFORMÁTICA

Naútica
CAMPELO
REPARACIONES NAVALES E INDUSTRIALES
INVERNAJE DE EMBARCACIONES
Avda. de Marín, 8 - 36930 BUEU - Pontevedra
Tlf.: 986 320 736
e-mail: tallerescampelo@hotmail.com
YAMAHA
Marine
SERVICIO OFICIAL

CASTRO
JOYERÍA - RELOJERÍA - PLATERÍA
LISTA DE BODA
SARGADELOS ORO
PEDRO DURÁN
ÁGATHA RUIZ DE LA PRADA

KRONOS ORO
TIME FORCE ORO
PEDRO DURÁN RELOJES
CARRERA
FÓSIL
GUESS
CHIPIE

MUEBLES AUXILIARES HURTADO Y
LÁMPARAS MARINER
Pazos Fontenla, 58 - BUEU
Telf.: 986 321 449

PERFUMERÍA - ALTA COSMÉTICA
COMPLEMENTOS

SHISHEIDO
CARITA
ORLANE
DECLEOR
HERMES
KENZO
LOLITA LEMPIKA
SALVATORE FERRAGAMO
DALI

Eduardo Vicenti, 22 - BUEU
Telf.: 986 323 385

Ana Lorenzo
DESDE 1914
PANADEROS Y PASTELEROS
ARTESANOS
ENLEITO, 1 - 36930 BUEU
986 091 755 - 672 395 794
DESPACHO EN:
XOÁN CARBALLEIRA, 2 BAJO
986 390 085



J.C. Soage

CHAPA Y
PINTURA
Juan Carlos Soage Iglesias
P.I. Castiñeiras, 24 - Telf: 986 32 40 72 - Bueu

PESCADOS
Y MARISCOS

ALFONSO FERRADÁS CAMPOS
Plaza de Abastos de Bueu
Puesto nº 10
Fonso: 649 832 746

OBRADOIRO
PAN E MILLO
ARTESÁN
Estache ben bó.
666 906 882
698 96 31 20
Rúa Kayrel 4, local 4.
36930 Bueu (PO)
www.panemillo.es
info@panemillo.es

**NOITE**

TAPAS

TELÉFONO
605 983 941

HORARIO COCINA
13:30 - 15:00
20:30 - 23:30

DIRECCIÓN
Rúa Santán, 18 Bueu

**RESTAURANTE - HOTEL**
**LOUREIRO**

Loureiro, 13
Tlfs.: 986 32 07 19 - 986 32 23 11
Fax: 986 32 14 98
BUEU (Pontevedra)

**Tlf.: 627 596 517**

Valero
Peluquería



Lambonadas
La Maravilla
La de Dina

Zona Peatonal Banda do Río (BUEU)

Lu
peluquero

Pide tu cita en:
☎ 986 322 056

C/ Pazos Fontenla 37 - Bueu

S I T A N

**Talleres Sian**

**Mecánica - Chapa - Pintura**

Pazos Fontenla, 82 - Tlf./Fax: 986 320 724
BUEU - Pontevedra

# A COMISIÓN E XUNTA DIRECTIVA DE TINTA FEMIA QUERE AGRADECER A TÓDOLOS ANUNCIANTES E COLABORADORES QUE FAN POSIBLE ESTA CELEBRACIÓN



# ÍNDICE


Agro A Laxe 59
Agro Manolo 4
Alinox 54
Allianz 23
Area de Servicio Lapamán 2
Asesoría Bareas 75
Asesoría Bueu 16
Asesoría Heldiser 53
Atmósfera 21
Autobuses Cerqueiro 54
Autoescuela Brión 28
Bar Alameda 59
Bar Fariña 23
Bar Kapa 57
Bar La marina 78
Bar O Lambedeiro do Viño 79
Bar O Pirata 54
Belavista 30
Brasería Posada D Lapamán 62
Café Bar Meco 16
Cafetería Jardín 58
Carnicería Enrique 27
Carnicería Isa Soliño 23
Carnicería Luis Soliño 58
Carpintería Gutiérrez 27
Cela Auto 55
Centro de día Contigo 59
Cevyp 15
Clínica dental S&S 32
Clothing Two 73
Cocinas Iman 58
Construcción Leal 56
Construcciones Celso Dopazo 34
Construccións Antón 57
Cousas da casa 78
Decoraciones Nacho 13
Electricidad Carma 87
Estética Rosana Estévez 73
Estilistas CH F 57
Excavaciones Esteban Novo 21
Ferraxería Centra 75
Ferretería Carballo 11
Fisioterapia Adriana Costas 12
Fontanería Dileo 52
Fran Entenza 60
Fresogas 22
Gadis 87
Galicia express 34
Gasóleos do Morrazo 60
Gestoría Safre 32
Gráficas Baroga 63
Informática Noutrora 79
Insadent 12
J.C. Soage 81
J.M. Comedeiro 22
Joyería Castro 80
Joyería Padín 11
Lambonadas La Maravilla 83
Lavandería As Lagoas 56
Librería Marpau 30

# XIX FESTA do VIÑO
# TINTAFEMIA



## *4, 5 e 6 de Xullo de 2025*
## *Santa María de Cela*

# XIX FESTA do VIÑO TINTAFEMIA



## 4, 5 e 6 de Xullo de 2025
## Santa María de Cela

NIZA: COLABORA: Asociación de Viticultores San Martín de Bueu

